

ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA

ARTIGO 1. Fundamento e natureza.

A instalacións de terrazas con mesas e cadeiras ou similares constitúen un aproveitamento especial e con fins lucrativos de terreos de uso público.

A repercusión deste aproveitamento especial ao estar vinculado a unha actividade lucrativa depende en grande medida da época en que se faga, pois afectará a poboación, a afluencia de turistas, e actividades que se desenvolvan no entorno tales como festas, ferias e festivais, especialmente o Festival do Mundo Celta.

Estimase que co obxecto de que parte do aproveitamento especial reinverta no interese xeral do conxunto dos veciños/as do Municipio é necesario a imposición da correspondente taxa, na que para o seu cálculo se teña en conta, ademáis do valor do solo a ocupar, circunstancias tales como poboación, actividades previstas a desenvolver nunha determinada época que incrementará considerablemente a afluencia de persoas o que implica a discriminación do importe en función de cada mes.

Tendo en conta o exposto e no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no citado Texto Refundido.

ARTIGO 2. Feito Impoñible.

Constitúen o feito imponible da presente taxa as autorizacións para realizar a ocupación de terreos de uso público con mesas, toneis, cadeiras, tallos, tribunas e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

ARTIGO 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria e 23 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, a prol de quen se outorguen as autorizacións por ocupación da vía pública con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos análogos, ou quen se beneficie de dito aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna licenza ou autorización.

ARTIGO 4. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41.1 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. Base do gravame

Constitúe a base imponible desta taxa a superficie do aproveitamento realizado, expresado en metros cadrados.

ARTIGO 6. Cota Tributaria

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nos apartados seguintes, atendendo á superficie ocupada polos aproveitamentos, época do ano en que se fai o aproveitamento, número de mesas, toneis ou similares, cun máximo de catro cadeiras por mesa, e dimensión lineal de barras.

1.1. A Tarifa da ocupación por cada mesa, tonel ou similar cun máximo de catro cadeiras, tallos ou similares, equivalente a unha ocupación de 2 m², fixase segundo a seguinte táboa:

MES	PREZO €
Enero	7,5
Febreiro	7,5
Marzo	7,5
Abril	7,5
Maio	15
Xuño	15
Xullo	30
Agosto	30
Setembro	15
Outubro	15
Novembro	7,5
Decembro	7,5

O importe total da ocupación a aboar será o resultado da suma dos importes parciais mensuais segundo a seguinte fórmula:

$$I_p = N_m \times I_u$$

$$I_T = \sum I_p$$

I_p = Importe parcial de cada mes da ocupación

N_m = Número máximo de mesas, toneis ou similares que se desexa.

I_u = Importe unitario para cada mesa, tonel ou similar, por mes.

I_T = Importe total da ocupación

1.2. Por cada barra instalada no espacio público, ata 10m*:

*(incrementarase proporcionalmente o importe base en dimensións maiores)

a) Ocupación por día, 150,00.- euros.

2. Ós efectos de aplicación do disposto no apartado anterior térase en conta o seguinte:

a) A efectos de abono da tasa por ocupación de espacio público, cada mesa, tonel ou similares estará servidas/os por catro cadeiras, tallos ou similares como máximo.

b) Os aproveitamentos autorizaranse para os períodos solicitados polo interesado/a, indicando de forma expresa os meses para os que se solicita a ocupación.

ARTIGO 7. Devengo

1.- O importe do prezo público ingresarase por autoliquidación e realizarse simultaneamente a presentación da solicitude da autorización da instalación da terraza, os interesados deberán realizar o pagamento do prezo publico en calquera das contas das que dispón o Concello en entidades bancarias ou caixas de aforros ou depositalo na Caixa da Corporación.

ARTIGO 9. Normas de xestión

1. As cantidades esixibles conforme á Tarifa liquidarase por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período de tempo autorizado.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licencia, realizar a autoliquidación a que se refire o artigo anterior e formular declaración na que consten os elementos que se pretendan instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.

3. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións, de non atopar diferencias coas peticións das licencias; se se deran diferencias notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez corrixidas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

4. No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar deste Concello a devolución do importe ingresado.

5. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que non fora autoliquidado o depósito previo e fora obtida a correspondente licencia polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia, sen prexuízo do pagamento da taxa así como das sancións e recargos que procedan.

6. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste precepto dara lugar á anulación da licencia.

ARTIGO 10. Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na presente Ordenanza Fiscal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As tarifas anteriormente enumeradas serán incrementadas anualmente no IPC.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicar o día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.